



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición Decreto: CONTRATACIÓN DUN COIDADOR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE ARZÚA (PROCESO DE CONSOLIDACION DE EMPREGO)

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

En execución do procedemento de consolidación de emprego enmarcado dentro da oferta de emprego público do Concello de Arzúa para o ano 2021, aprobada mediante decreto da Alcaldía de data 23 de decembro de 2021 (BOP no 248 de 30/12/2021) apróbanse estas bases para a cobertura dunha praza de Oficial de 1ª como persoal laboral fixo do Concello de Arzúa.

Visto o Bop nº 36 de 22/2/2023 Aprobación das bases e convocatoria de procesos de selección prazas OEP 2021 estabilización de emprego temporal .

Visto o extracto da convocatoria no «Diario Oficial de Galicia» número 192, de 9 de outubro de 2023.

Vista a Resolución de 11 de abril de 2024, del Ayuntamiento de Arzúa (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas. (BOE N.º 97 do 20 de abril de 2024)

Visto os anuncios das actas de data 29/07/2024 e a acta do 07/08/2024 ,para a provisión DE UNHA PRAZA DE COIDADOR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (6007) GRUPO V, INCLUÍDA NA OEP 2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, PUBLICADA NO BOP DE A CORUÑA DE 22 DE FEBREIRO DE 2023, e visto que rematou o prazo para subsanacións ou alegacións a proposta provisional en esta especialidade publicadas neste anuncio elevouse a definitiva.

Visto o decreto N° 625/2024 de data 02/09/2024 no que se solicita o candidato seleccionado deberá achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios, a seguinte documentación:

1.–Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

2.–Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de

funcións públicas.

3.–Declaración expresa de no estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

E, visto que en data 03/09/2024 presentou a documentación requerida.

En uso das facultades outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO- Contratar como Coidador de Instalacións deportivas a **Francisco Javier Torres Porto, con DNI: ***1226**** tendo en conta o disposto nas bases da convocatoria .

SEGUNDO-Conformar unha lista de reserva de prelación de aspirantes na seguintes especialidade ordeada segundo as calificacións finais do proceso selectivo segundo o disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo :

Nome e apelidos	DNI	Puntuación fase concurso	Puntuación fase oposición	TOTAL
Jesús Budiño Pereiro	***6980**	40	15	55

TERCEIRO- As condicións económicas do contrato serán ás da praza de Coidador de instalacións deportivas (6007), GRUPO V que figuran na RPT.

CUARTO- Notificar esta resolución os interesados, así como o Departamento de persoal do Concello de Arzúa para que se proceda a sinatura do contrato e alta na seguridade social e previamente á sinatura do correspondente contrato.

QUINTO-Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello este decreto (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>)

ARZÚA, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde-Presidente

Dou fe, o secretario

Asdo: XESÚS XOÁN CARRIL RAMOS

Asdo: ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ